



MONARCHA; C., GATTI JÚNIOR, D. (Orgs.) (2013): *Trajetórias na formação do campo da história da educação brasileira*. Uberlândia: Edições da Universidade Federal, 240 pp. e GONÇALVES DE LIMA, G. (2014): *Modernidade e Educação no Brasil Republicano. O grupo escolar Honorato Borges (Patrocínio/ Minas Gerais, 1912-1930)*. Uberlândia: Edições da Universidade Federal, 166 pp. Volumes 1 e 2 da colec. "História, Pensamento, Educação".

Expresamos noutras ocasións nestas páxinas a admiración que provoca o desenvolvemento que a historiografía educativa brasileira ven rexistrando desde hai máis de dúas décadas. A revisión dunha historiografía educativa marxista ortodoxa e insuficientemente crítica, a consciencia sobre o limitado neo-positivismo, e a aclimatación dos discursos paradigmáticos da

nova historia social e da historia cultural, teñense revelado como os elementos que propiciaron, xunto a outros factores socio-culturais contextuais do Brasil, unha viva expresión como comunidade académica de historiadoras e historiadores da educación de forte alento, que arestora goza de recoñecemento internacional.

É visible, así, hoxe a existencia dunha media de equipos de investigación, que manteñen un continuo programa de traballo e un programa de publicacións, onde se sitúan igualmente a revista do conxunto *História da Educação*, da Sociedade Brasileira de História da Educação, xunto a outras de crecente relevancia, alén das propias fronteiras do Brasil.

Queremos referirnos tamén á preocupación académica que a refexidade sobre a construción do coñecemento histórico-educativo suscita entre algúns dos máis destacados investigadores. É habitual que

os traballos académicos alí realizados conteñan notas iniciais sobre os conceptos e os referenciais teóricos mobilizados para a construción do texto, o que só máis recentemente se está a realizar na historiografía educativa española. Con tal coa preocupación viñéronse intensificando diversas reflexións, que comezan a facer a súa aparición a modo de libros e informes editados fóra das actas congressuais. Este é o caso da obra colectiva *O ensino da historia da educación*, como da colección “Historia, Pensamento e Educación” que dirixen Gatti Júnior e Inacio Filho, e a que agora nos referiremos brevemente saudando as dúas primeiras monografías.

O presente volumen de Monarcha e Gatti Junior reúne nove posibles voces, nove expresións ou traxectorias académicas, de distintas xeracións, de entre o amplo número de mulleres e varóns que teñen no presente unha traxectoria consolidada no campo dos estudos histórico-educativos, ténndoa iniciado nalgún caso á fin dos pasados anos 50.

A través da súa lectura podémosos achegar aos momentos de formación, ás influencias docentes ou investigadoras brasileiras ou internacionais recibidas, ás traxectorias, ou a como maduraron as súas perspectivas investigadoras. Cada unha das vidas académicas valoradas aparece acompañada, ademais, dunha bibliografía seleccionada (libros, capítulos de libros, artigos; unha dúcia de referencias en cada caso).

Entre as traxectorias aparecen, por exemplo, as de Jamil Cury, Cámara Bastos, Marta Chagas de Carvalho, Marta de Araujo, Miriam Warde, ou Zaia Brandão, obsdervándose en conxunto referencias

gramscianas, á beira das procedentes da historia social británica e da historia cultural de acento francés.

Referirémonos á obra *Modernidade e Educación no Brasil Republicano*. Estamos no tempo para nós tan gostoso do primeiro terzo do século XX; para nós era modernidade e antecedentes da II República. Para o Brasil é modernidade e ideais republicanos e máis creatividade social, expresada a través das iniciativas constantes dunha burguesía acollida á bandeira do liberalismo reformista. O tempo da extremada confianza no papel da educación, como no caso brasileiro estudou Jorge Nagle, particularmente do modelo liberal de educación, que adopta o activismo didáctico, e que se manifesta nos rechamantes edificios que coñecemos como os Grupos Escolares, con organización graduada do ensino. Ao grupo escolar Honorato Borges, o primeiro da cidade de Patrocínio do Estado de Minas Gerais, encoméndaselle a partir de 1912, tanto no plano organizativo como no curricular, o ser faro e exemplo en relación coas esperanzas depositadas en tal modelo de educación: a escola como espazo de realización do proceso de asimilación de coñecementos, para a vivencia de valores burgueses reformistas e lugar de (con) formación de patróns de comportamento, baixo a divisa republicana da ‘educación nacional’ e polo tanto pública, polo que apostan as reformas João Pinheiro (1906) e máis tarde a de Francisco Campos (1927). Nun escenario de debates de idearios educativos no que participan bultos da talla de Rui Barbosa, José Veríssimo, e Carneiro Leão, con alguna antelación á creación da Associação Brasileira de Educação (1924) e ao Manifesto dos pioneiros da educación nova (1932), con todo o grupo de

novos pioneiros da educación, no que se contan moi destacadas personalidades no campo dos educadores.

Gonçalves de Lima consegue construír unha ben disposta monografía, con bo texto, e adubada de pertinentes acompañamentos fotográficos. Unha adecuada manifestación do modo de facer historiográfico.

Antón COSTA RICO
USC

VÁZQUEZ RECIO, R. (2013), *La dirección de Centros: Gestión, ética y política*, Morata, Madrid, 126 pp.

Rosa Vázquez, unha das maiores coñecedoras das luces e sombras da dirección educativa en España, desentraña nesta obra, de xeito revelador e crítico, certos aspectos que interveñen no labor directivo, derrubando presupostos fundamentalmente arraigados e ata o de agora non cuestionados, coa mestría que só posúe quen foi testemuña da acción directiva dende dentro.

Aínda que é un traballo breve en aparencia, non se trata dunha obra divulgativa para masas, senón que ten que ser lida con detemento e sosego, pois a rigorosidade coa que está escrita solicita un público familiarizado coa materia. Ás veces achega demasiadas cifras nun intento de avalar as súas afirmacións con datos estatísticos, podendo dificultar este rigor unha lectura fúida; mentres que noutros casos, bótase en falta a utilización dalgunha fonte bibliográfica complementaria dos últimos tempos. Pero o certo é que é unha obra que non pretende mostrar a cara amable da dirección, senón expoñer as dificultades e os desafíos cambiantes ós

que se ten que afrontar nos nosos días; así mesmo, nas súas páxinas subxace un pouso de denuncia que manifesta que á organización educativa non se lle poden aplicar os intereses de mercado que se lles atribúen ás organizacións empresariais e industriais, aínda que esta ideoloxía siga penetrando de xeito subrepticio no panorama educativo a través do discurso político. En definitiva, é unha obra que non deixa indiferente ó lector, senón que o conduce a un proceso de reflexión permanente.

Está estruturada en sete capítulos, destinando o primeiro deles a mostrar como a dirección escolar sempre estivo exposta ó devir da historia de cada país, ós criterios de teóricos e lexisladores e mesmo das políticas educativas internacionais, evidenciándonos que o papel que ten que asumir neste momento en que as súas responsabilidades se ven incrementadas é titánico: a ela encoméndanselle, entre outras cousas, a mellora dos centros educativos, a procura da calidade, a obtención de bos resultados e a capacidade de liderado. Do mesmo xeito, ó tempo que se demanda a participación activa de toda a comunidade educativa na institución escolar, é á dirección a quen se lle atribúen os avances e contratempos que poida sufrir, converténdose nunha especie de chibo expiatorio que encobre os responsables últimos desta conxuntura na que se atopa e que a autora define como «inestable e indefinida» (p. 18).

No seguinte capítulo, advirte sobre o risco de racionalizar a dirección escolar no sentido de outorgarlle unhas solucións prefabricadas de antemán pola investigación científica, cuxo principal obxectivo é a procura da máxima eficacia;